



BASES DO CAMPUS MUNICIPAL DE TECNIFICACIÓN DE FÚTBOL VERÁN 2022

1. **CAMPUS MUNICIPAL DE TECNIFICACIÓN DE FÚTBOL VERÁN 2022** vai dirixido a nenas e nenos con idades comprendidas entre 6 e 11 anos (nad@s entre os **anos 2011 e 2016**).

2. CATEGORÍAS:

Prebanxamín: Nados/as nos anos 2015/2016

Benxamín: Nados/as nos anos 2013/2014

Alevín: Nados/as nos anos 2011/2012

3. O **SERVIZO** desenvolverase entre o **17 de agosto e o 2 de setembro de 2022** no Campo de Fútbol Municipal Ramón Diéguez.

4. **PODERÁN UTILIZAR O SERVIZO** as nenas e nenos empadroados ou non no Concello de Pontecesures. As prazas ocuparanse por rigoroso orden de inscrición. **TERÁN PREFERENCIA PARA UTILIZAR O SERVIZO** as unidades familiares con nenos e nenas empadroados no Concello de Pontecesures.

En caso de quedar prazas vacantes, poderán participar nenos e nenas doutros concellos.

A falta non xustificada á actividade por 3 días dará lugar á perda da praza asignada, sendo cuberta co/ca participante que corresponda segundo a orde de inscrición.

5. O **HORARIO DO SERVIZO** será de 9:00 a 14:00 horas. Os horarios para cada categoría estableceranse nos días previos ao inicio da actividade.

6. O **NÚMERO DE PRAZAS** que se oferta é de 15 prazas por cada categoría.





7. FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE.

A petición de admisión no servizo realizarase cubrindo a **ficha de inscrición** que se pode descargar na web municipal no seguinte link:

<http://pontecesures.org/vernoticia.asp?id=1738>

Unha vez cumprimentada, achegarase ás oficinas do Concello de Pontecesures sito na Av. de Vigo, 2 - Pontecesures, tfno. 986 55 71 25 en horario de 09:00 a 14:00h. ou a través da sede electrónica do concello <https://pontecesures.sedelectronica.gal/>

8. **PRAZO DE INSCRICIÓN.** Dende o **8 ata o 16 de agosto.**

